
A ORDE DO DÍA

Texto de ÉRIC VUILLARD

Tradución de ANTÍA VERES GESTO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 120 páx. 15 €.
ISBN 978-84-16721-23-8. Narrativa K. Faktoría K.
PREMIO GONCOURT 2017

Estamos a luns, a cidade móvese detrás da súa pantalla de néboa. A xente diríxese ao traballo coma o resto dos días, colle o tranvía, o autobús, cóase ao andar de arriba e logo fantasía inmersa no frío extremo. Pero o 20 de febreiro daquel ano non foi unha data coma as demais...


A medio camiño entre a ficción e o relato histórico, “A orde do día” ten como trasfondo a anexión alemá de Austria -Anschluss- en 1938 e a Segunda Guerra Mundial, coa chegada previa de Adolf Hitler ao poder cinco anos antes e o apoio dos potentes industriais alemáns á maquinaria de guerra nazi.

A acción remóntase a unha fría mañá de febreiro de 1933, nos primeiros compases do Terceiro Reich, cando Hitler se erixe en primeiro canciller alemán e -canda Hermann Göring, destacado membro do Partido Nazi- se reúne en secreto no Reichstag, a sede do parlamento alemán, con 24 directivos de empresas como Krupp, Opel, Siemens, Telefunken, Bayer ou Allianz para pedirles que apoiaran economicamente a campaña do nacionalsocialismo de cara ás eleccións lexislativas que se celebrarían en marzo. A cambio da axuda para facerse co absoluto control do goberno, ofréceneselles orde, traballo, represión sindical e enormes beneficios económicos. Ningún deles rexeita a proposta.

Paralelo á narración histórica, Éric Vuillard fai unha análise crítica e irónica dos acontecementos, que tanto marcaron o devir actual. Tamén chama a atención sobre o factor do esquecemento, en tanto esas grandes corporacións colaboracionistas co rexime -que fixeron negocio coa contenda e usaron man de obra escrava nas fábricas- continúan producindo “os nosos coches, as nosas lavadoras e os nosos produtos de limpeza”, afirmou o autor. Non só non perderon, senón que esas marcas seguen presentes nas nosas vidas. As persoas pasan, pero os grandes capitais perduran.

Trátase dunha novela cun ton intenso, onde nada é accesorio. No proceso de documentación, Vuillard recorreu a imaxes de arquivo, películas de propaganda nazi, documentos e transcripcións cos xuízos de Nuremberg. Os episodios baseados na realidade mestúranse con anécdotas protagonizadas por personaxes anónimos, dotando a obra dun carácter versátil.

“O mundo de hoxe é radicalmente distinto ao dos anos 30, mais as coordenadas parécense: somos testemuñas dun ascenso da autoridade e do racismo, da forte influencia das finanzas e dun empeoramento das desigualdades”, advirte o autor.



-
- **Temática:** historia europea.
 - **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** Premio Goncourt 2017; ambientado na Alemaña nazi entre 1933 e 1938; reflexión sobre a ambición e o poder político e económico nun contexto que marcou a historia; mecanismos do esquecemento.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-orde-do-dia-g>
-

Éric Vuillard

(Lyon, 1968)

Escritor especializado en novelas históricas e cineasta. É autor da novela *Conquistadors* (Premio Ignatius J. Reilly 2010), sobre o imperio inca e a colonización de Perú. Tamén escribiu *La Bataille d'Occident* e *Congo*, ambientadas na Primeira Guerra Mundial e na colonización de África, respectivamente; por ambas obras recibiu os premios Franz-Hessel 2012 e Valery-Larbaud 2013. Outro dos seus maiores éxitos editoriais foi *Tristesse de la terre* (Premio Femina 2014) en torno á figura de Buffalo Bill e a conquista do Oeste. Recibiu o Premio Alexandre-Vialatte 2017 por *14 Juillet*, coa toma da Bastilla como telón de fondo. Dirixiu as películas *L'Homme qui marche* e *Mateo Falcone*. O Premio Goncourt que obtivo por *A orde do día* está considerado un dos galardóns literarios máis importantes de Francia. Malia que a súa dotación ascende a uns simbólicos 10 euros, ten moita repercusión internacional.

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2018»

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
